



**Servizo para Familias
e Persoas con TEA**

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

GUÍA DE DISCAPACIDADE E DEPENDENCIA

Federación AUTISMO GALICIA



SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval,74

CENTRO DE RECURSOS

Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

Info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

[@AutismoGalicia](https://twitter.com/AutismoGalicia)



[@federacion.autismo.galicia](https://www.facebook.com/federacion.autismo.galicia)



INDICE

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA

Quen somos..

Pax. 5

GUÍA DE DISCAPACIDADE E DEPENDENCIA

A DISCAPACIDADE

Pax. 8

A DEPENDENCIA

Pax. 13

SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval,74

CENTRO DE RECURSOS

Rúa Rodríguez de Vigurí, 35

15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

Info@autismogalicia.org

FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA



1.1. QUEN SOMOS

Representamos, apoiamos e defendemos os dereitos de máis de 10.000 persoas, familias e persoas con TEA, conformando a plataforma e amparo necesario para a defensa dos dereitos e necesidades das persoas con TEA.

Desde a Federación Autismo Galicia, levamos desde o ano 1995 comprometidos por ofrecer a especialización e especificidade que as persoas con TEA e as súas familias demandan. A través das diferentes entidades que forman a nosa Federación e grazas a todas as persoas que traballan e colaboran para un obxectivo en común, imos humanizando o mundo.

Entre todos, estamos a integrar a nosa presenza na contorna grazas a unha maior accesibilidade nos espazos de convivencia, os servizos sanitarios, administrativos, educativos e tamén no ámbito laboral.

Os nosos programas de educación específica a profesionais e familias, supón unha importante suma neste traxecto de crecemento e permanente mellora que mantén esta travesía chea de amor, persistencia e claros obxectivos, que emanan desde todas as entidades que representamos desde a Federación Autismo Galicia.

REPRESENTAMOS
A MÁIS DE
10.000
PERSOAS

MISIÓN

A Federación AUTISMO GALICIA contribúe a defender e reivindicar socialmente os dereitos das persoas con trastornos do espectro do autismo e das súas familias, promovendo a igualdade de oportunidades e a colaboración entre entidades prestadoras de servizos específicos e especializados.

VALORES

A Federación Autismo Galicia dispón dunha declaración de valores que guía a actuación da organización como institución e a conduta das persoas que a forman.

Na formulación dos valores están recollidas o conxunto de convicións profundas e opcións fundamentais que manifestan a identidade de FAG, e que xeran unha cultura institucional propia e diferenciada. Na realización da súa actividade, a organización actúa e as persoas condúcense coherentemente cos seguintes valores:

VALORES ÉTICOS

AUTISMO GALICIA desenvolve a súa actividade e persegue os seus propósitos en coherencia cos seguintes referentes:

- As persoas con TEA son cidadás activas, suxeitas de pleno dereito.
- AUTISMO GALICIA enfoca o seu traballo para a provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares dende unha perspectiva de dereitos.
- AUTISMO GALICIA é unha federación solidaria que promove este valor entre as persoas e organizacións que inflúen na vida das persoas con TEA e os seus familiares.
- AUTISMO GALICIA condúcese nas súas decisións en coherencia cos referentes éticos propios e os que asume das asociacións nas que participa activamente.

VALORES DE XESTIÓN

AUTISMO GALICIA promove e condúcese na súa xestión atendendo aos seguintes referentes:

- Autorrepresentación das persoas con TEA.
- Participación de persoas e entidades
- Especificidade e especialización na provisión de apoios ás persoas con TEA e os seus familiares.
- Transparencia.
- Cohesión asociativa.
- Mellora continua.
- Sustentabilidade.



ORGANIGRAMA FAG

ASEMBLEA XERAL

PERSOAS ASOCIADAS ÁS
16 ENTIDADES FAG

XUNTA DIRECTIVA

DIRECCIÓN E XERENCIA

Patricia Blanco Rivero

PRESIDENTA
Mercedes Fernández Angulo / ASOC. ASPANAES

VICEPRESIDENTE
Luís González Rodríguez / ANPA CENTRO CASTRO NAVAS

SECRETARÍA
María Soledad García Penalta / ASOC. ASPERGA

TESOURERÍA
José Manuel Varela Rodríguez / ANPA CENTRO MENELA

VOGAL
Esperanza Domínguez Bautista / ASOC. AUTISMO VIGO

**DEPARTAMENTO
ADMINISTRACIÓN**
Teresa García Barcala

**DEPARTAMENTO
COMUNICACIÓN E
INCIDENCIA SOCIAL**
Adriana Pazos Ottón

**ÁREA DE
PROGRAMAS**
Cristina Couto Pena

**ÁREA DE
DESENVOLVEMENTO
ASOCIATIVO**
Ángela Goiricelaya Seco

EDUCACIÓN

SAÚDE

SOCIOFAMILIAR

EMPREGO

INFORMACIÓN E
ASESORAMENTO

FORMACIÓN

ACCESIBILIDADE COGNITIVA

2. O TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO

QUE É O TEA?

O TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO (en diante TEA) é un trastorno que fai referencia a un conxunto de condicións que se manifestan antes dos 3 primeiros anos de vida e que afectan ao neurodesenvolvemento e ao funcionamento cerebral.

As súas manifestacións clínicas poden variar entre as persoas que teñen un diagnóstico de TEA. Pero o TEA se define baixo unhas características comúns. Todas as persoas con TEA teñen dificultades nas habilidades para comunicarse e relacionarse cos demais. Tamén se asocian a un patrón restrinxido e repetitivo de intereses, actividades e comportamentos, que repercute na capacidade da persoa para anticiparse e adaptarse a contorna.

Algunhas persoas poden experimentar reaccións de hiper ou hiposensibilidade a estímulos con diferentes modalidades sensoriais (auditivos, visuais, táctiles, etc.). Isto provén de alteracións que pode ter a persoa no procesamento dos estímulos da contorna.

O TEA pode presentar asociados outros trastornos do neurodesenvolvemento, como discapacidade intelectual ou trastorno por déficit de atención con ou sen hiperactividade, etc.

Igualmente, pode non afectar ao funcionamento intelectual da persoa e albergar un gran potencial cognitivo, aínda que algúns procesos psicolóxicos e cognitivos (como a cognición social, linguaxe ou as funcións executivas) teñan un funcionamento diferente e incidan na maneira na que a persoa percibe, interpreta e se adapta á contorna.



GUÍA DE DISCAPACIDADE E DEPENDENCIA

O obxectivo desta guía é proporcionarlle a información necesaria con respecto aos procesos de solicitude do recoñecemento do grao de discapacidade así como da situación de dependencia e a relativa ás axudas, recursos e servizos aos que se poden acceder.

É importante coñecer de antemán que a **discapacidade e a dependencia son dous aspectos distintos**, e, polo tanto, o seu proceso de valoración será diferente, é dicir, se unha persoa ten algún grao de discapacidade, non ten porque estar en situación de dependencia e viceversa.

Así mesmo, tanto os recursos, axudas e servizos non van ser os mesmos para as persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade coma para aquelas que se atopen nunha situación de dependencia.

Nesta guía atoparán información sobre quen pode solicitar, como pode facelo, cal é a documentación necesaria, onde e cando presentala, canto tempo vai durar e quen vai facer a valoración de ambos procesos.

Agardamos que esta guía sexa da vosa utilidade.

A DISCAPACIDADE

PROCESO DE SOLICITUDE DO RECOÑECEMENTO DO GRAO DE DISCAPACIDADE

QUEN PODE SOLICITAR O RECOÑECEMENTO DO GRAO DE DISCAPACIDADE?

- Persoas de nacionalidade española que residan en Galicia.
- Persoas de nacionalidade española residentes no estranxeiro e as persoas estranxeiras residentes en Galicia (artigos 25 e 26)

[CONSULTA DOS ARTIGOS 25 E 26](#)

QUEN E COMO?

COMO SE PODE SOLICITAR O RECOÑECEMENTO?

| | |
|---|--|
| <p>Por instancia da persoa interesada ou representante</p> | <p>Por vía electrónica</p> |
|---|--|


| |
|--|
| <p>En soporte papel: No rexistro do concello No rexistro de calquera órgano administrativo Nas oficinas de Correos Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro Codigo de Procedemento: BS611A BS611A - Reconocimiento del grado de discapacidad. - Sede Electrónica - Xunta de Galicia</p> |
|--|

QUE DOCUMENTACIÓN SE NECESITA?

- Solicitud: Anexo I [Servidor Repositorio Solicitud \(xunta.gal\)](#)
- Copia cotexada do DNI ou NIE da persoa solicitante. Se é menor de idade, copia compulsada do libro de familia (incluír folia co nome da persoa solicitante)
- Certificado de empadramento emitido polo concello correspondente.
- Persoas estranxeiras: copia compulsada do permiso legal de residencia.
- Acreditación da representación que se ten da persoa solicitante e copia compulsada do DNI/NIE da persoa representante.
- Os informes médicos ou psicolóxicos : Anexo II [Servidor Repositorio Solicitud \(xunta.gal\)](#)
- Comprobación de datos de terceiras persoas interesadas Anexo III [Servidor Repositorio Solicitud \(xunta.gal\)](#)
- No caso de solicitar valoración dos **factores sociais complementarios**: informe social emitido pola traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios do domicilio da persoa solicitante, do sistema de saúde ou dos servizos sociais especializados.
- No caso de solicitar valoración dos **factores económicos**, deberase presentar:
 - ⇒ Certificado de convivencia da unidade familiar.
 - ⇒ Tarxeta de demandante de emprego (en caso de desemprego da persoa)
 - ⇒ Xustificante de ingresos da persoa interesada e convivintes.
 - ⇒ Xustificantes de gastos de vivenda e de gastos extraordinarios de carácter prolongado (educativos, sanitarios e outros).
- Sempre cubrir o correo electrónico, se non ten, pode poñer NONTENE-MAIL@NONTEN.COM
- AnexoV: **Perfil de avaliación do desempeño / Restricións na participación. BRP-QD (S)** é un novo [cuestionario](#) ten carácter voluntario, non é obrigatoria a súa presentación pero si recomendable. O obxectivo é coñecer e recoller a opinión da propia persoa interesada sobre as dificultades concretas que presenta á hora de realizar as actividades cotiás da súa vida diaria e na súa contorna habitual. Debe presentalo cuberto o día da cita da valoración e será recollido polo/a técnico/a respectivo/a. .

ONDE SE PRESENTA A DOCUMENTACIÓN?

- A Través dos Servizos sociais comunitarios.
- Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social. En Galicia atópanse en:



CANDO SE PODE PRESENTAR?

O prazo de solicitude é durante **TODO O ANO**.

CANTO TEMPO PASA DENDE A SOLICITUDE ATA O RECOÑECEMEN- TO?

O prazo de resolución é de **tres meses** dende a solicitude. Se vence o prazo máximo establecido sen ditarse resolución expresa, entenderase desestimada.

As resolucións denegatorias por non recoñecerse ningún grao de discapacidade ou un grao inferior ao 33 %, levará consigo a limitación temporal de **dous anos** para formular unha nova solicitude salvo que, con anterioridade a dito período, se acredite erro no diagnóstico, na aplicación do baremo ou ben que a súa situación clínica variou substancialmente.

QUEN LEVA A CABO O PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DA DISCAPACIDADE?

Son os **Equipos de Valoración e Orientación (EVO)** os que valoran a discapacidade, que estarán compostos por persoal socio-sanitario. Están situados nas 7 principais cidades galegas:

| | | |
|-------------------------------|---|--|
| A Coruña | Edificio administrativo de Monelos, Rúa Vicente Ferrer, nº 2 | 981 182 501 981 182 502 981 182 503 |
| Santiago de Compostela | Rúa Queixume dos Pinos nº 2, Edificio CEGADI | 881 999 236 |
| Ferrol | Praza Camilo José Cela s/n | 981 337 232 981 337 234 981 337 235 |
| Pontevedra | Avenida de Vigo, nº 16 | 986 844 740 |
| Vigo | Rúa Faisán nº 12 | 886 120 710 |
| Lugo | Rúa Serra dos Ancares, 68 | 982 889 145 982 889 133 |
| Ourense | Rúa Sáenz Díez, nº 33 | 988 386 157 988 386 158 988 386 160 988 386 161 |

XA OBTIVEN O CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE, AGORA QUE?

TARXETA ACREDITATIVA DO GRAO DE DISCAPACIDADE

Documento persoal e intransferible válido en todo o territorio español que acredita o recoñecemento do grao de discapacidade. O seu fin é facilitar a acreditación da condición de persoa con discapacidade e o acceso a servizos que poidan mellorar a súa calidade de vida.

Enténdese que si a resolución do grao non é definitiva hai faer unha solicitude por renovación, xa que non se fai de oficio. Esta data vén indicada tanto na tarxeta acreditativa coma na carta da resolución.

CALES SON OS MEUS BENEFICIOS?

- **Bolsas e axudas en educación.**
- **Estudios Universitarios:** exención do pagamento da primeira matrícula
- **Exención de taxas** para acceder ás probas selectivas no emprego público estatal e para as probas de aptitude previas ao exercicio de profesións reguladas na Unión Europea.
- Obtención do **título de familia numerosa** (cando alo menos un dos fillos conte con unha discapacidade igual ou superior ó 33%, computa por dous).
- Dereito de **asistencia xurídica gratuíta.**
- Protección do patrimonio e reducións por aportacións ao **patrimonio protexido.**
- **Beneficios fiscais** no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF) nas persoas con un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- **Reducións do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE):** a redución será dun 4% ou 10%.
- **Reducións no Imposto sobre sucesións e doazóns.**
- **Dedución no Imposto de sociedades.**
- **Exención no Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica:** para persoas con discapacidade con grao igual ou superior ao 33%.
- **Exención no Imposto de matriculación de vehículos na primeira matriculación definitiva** en vehículos automóbiles a nome de persoas con discapacidade para o seu uso exclusivo, sempre que:
 - ⇒ Transcorreran polo menos **catro anos** dende a matriculación doutro vehículo en análogas condicións (non se esixirá en caso de sinistro total dos vehículos).
 - ⇒ Que non sexan obxecto dunha transmisión “inter vivos” durante o prazo dos **catro anos** seguintes á data da súa matriculación.

XA OBTIVEN O CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE, AGORA QUE?

- **Taxas da Dirección Xeral de Tráfico:** dereito a bonificación da Tarifa Xeral se por razón de aptitudes psicofísicas veñen obrigados ou obrigadas a solicitar a prórroga de vixencia dun permiso ou autorización administrativa para conducir, con maior frecuencia á que normalmente lles correspondería por idade.
- **Tarxeta de Estacionamento** para persoas con mobilidade reducida, normalmente solicítase no concello ó que se pertence.
- **Adaptación de vehículos:** axuda tanto para a compra dun vehículo xa adaptado ou para proceder á súa adaptación.
- **Tarxeta Dourada de RENFE:** reducións mínimas do 25%. Para persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33%. Poden ser acompañadas por outra persoa que terá as mesmas condicións económicas de viaxe ca persoa titular.
- **Bono social eléctrico:** cumprindo os requisitos.



REQUISITOS DO BONO SOCIAL ELÉCTRICO

- **Facilidades de acceso á vivenda,** á educación e á formación ocupacional.
- **Reserva de prazas dun 4% para persoas con discapacidade**
- **Acceso a certos servizos ofertados polo Servizo de Telecomunicacións.**
- **Servicio de envío de paquetería MRW.** MRW solidario

MEDIDAS DE APOIO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE

https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/xeral/medidas_apoio_persoas_discapacidade.pdf

CALES SON OS CENTROS ESPECÍFICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE?

| CENTROS RESIDENCIAIS | CENTROS NON RESIDENCIAIS |
|---|--|
| <p><i>Para persoas con discapacidade gravemente afectadas:</i> maiores de 16 anos e con necesidade de 3ª persoa para as Actividades Básicas da Vida Diaria (ABVD)</p> | <p><i>Centros Ocupacionais:</i> maiores de 16 que non poidan acceder a un emprego ordinario ou protexido</p> |
| <p><i>Para persoas con discapacidade adultas:</i> temporal ou permanente</p> | <p><i>Centros de día:</i> maiores de 16 e con necesidade de axuda de 3ª persoa para as ABVD</p> |
| | <p><i>Outros equipamentos:</i> vivendas comunitarias, apartamentos tutelados, pequenos aloxamentos</p> |

A DEPENDENCIA

PROCESO DE SOLICITUDE DO RECOÑECIMENTO DO GRAO DE DEPENDENCIA

QUEN PODE SOLICITAR O RECOÑECIMENTO DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA?

Poderán solicitalo as **persoas de nacionalidade española** que cumpran os seguintes requisitos:

- Atoparse en **situación de dependencia** nalgún dos graos establecidos.
- **Menores de 3 anos**: atoparse en situación de dependencia (adopción dun plan integral de atención).
- **Residir en territorio español e facelo durante 5 anos** (dous deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude). Para os e as **menores de 5 anos**, o período de residencia esixírase á quen exerza a súa garda y custodia.
- **Residir na Comunidade Autónoma de Galicia** na data de presentación da solicitude.


Se reunindo estes requisitos **carécese de nacionalidade española ou non se é nacional dos Estados membros da Unión Europea**, rexeranse polo establecido na Lei Orgánica 4/2000 (dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e a súa integración social), nos tratados internacionais e nos convenios que se establezan co país de orixe. Á **mocidade menor de idade que careza da nacionalidade española**, aplicaráselles o disposto nas leis do menor vixentes (estatal e autonómico), así coma nos tratados internacionais.

As persoas en situación de dependencia que, como consecuencia da súa **condición de emigrantes retornados/as**, non cumpran o requisito de período de residencia no territorio español, poderán acceder ás prestacións con igual contido e extensión cas prestación reguladas na Lei 39/2006 (lei de dependencia), e a súa posterior normativa de desenvolvemento.

A DEPENDENCIA

COMO É O PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE?

DEPENDENCIA




QUE DOCUMENTACIÓN SE NECESITA?

SOLICITUDE

- Copia compulsada do DNI/NIE da persoa solicitante ou documento acreditativo de identidade e se é menor de idade, copia compulsada do libro de familia, que inclúa a folla na que apareza o nome da persoa beneficiaria, no caso de non posuír DNI.
- Acreditación da persoa representante da persoa solicitante, no seu caso.
- Certificado de empadramento que acredite a residencia en Galicia no momento da solicitude, agás as persoas atendidas dentro do sistema público de servizos sociais.
- Certificado de empadramento (mirar os requisitos para a solicitude).
- De ser emigrante retornado/a e non cumprir o requisito do período de residencia, precísase o certificado de emigrante retornado/a expedido pola delegación do Goberno ou mediante a baixa consular.
- Informe de condicións de saúde emitido por un ou unha profesional do SERGAS, doutras administración públicas ou de entidades concertadas ou con convenio coa Seguridade Social ou réximes especiais (estarán exentas as persoas que tiveran recoñecida a necesidade de axuda de terceira persoa (ATP)).
- Informe social Unificado (ISU) emitido pola traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios do domicilio da persoa solicitante, do sistema de saúde ou dos servizos sociais especializados.
- Certificado de discapacidade coa puntuación de ATP cando fose emitido por outra Comunidade Autónoma, se é o caso.
- Resolución de grao, se é o caso, cando sexa emitido por outra Comunidade Autónoma.
- Manifestación da persoa solicitante ou da persoa que lle represente, da súa preferencia dentro do catálogo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).
- Certificado de convivencia da persoa solicitante segundo o Padrón Municipal.
- Declaración do IRPF, certificado das pensións percibidas ou declaración xurada de non percibilas (se non autoriza a consulta e comprobación dos seus datos económicos).
- Declaración responsable do patrimonio da persoa solicitante.
- Copia compulsada, de ser o caso, do DNI/NIE do/da cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade que dependen economicamente da persoa solicitante. Se hai menores de idade que dependen economicamente da persoa solicitante, copia compulsada do libro de familia no caso de que estes non posúan DNI.
- Declaración do IRPF, certificado de toda clase de pensións percibidas polo/a cónxuxe ou parella de feito, ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos ou maiores en situación de discapacidade, economicamente a cargo da persoa solicitante, ou declaración xurada de non percibilas, e declaración responsable do patrimonio.

ONDE SE PRESENTA A DOCUMENTACIÓN?



CANDO SE PODE PRESENTAR?

Durante **TODO O ANO**.

CANTO TEMPO PASA DENDE A SOLICITUDE ATA O RECOÑECIMENTO DO GRAO?

- Prazo máximo de **seis meses** dende a data de entrada da solicitude no rexistro.
- No caso de menores de 3 anos, o prazo máximo é de 30 días naturais.
- Se transcorren seis meses dende a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente sen que recaia resolución expresa, entenderase desestimada.

QUEN LEVA A CABO O PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA?

Os **órganos de valoración da situación de dependencia** emitirán un ditame sobre o grao de dependencia con especificación dos cuidados ca persoa poida requirir. Os graos determinaranse mediante a aplicación do Baremo de Valoración de Dependencia (BVD), e terán carácter permanente ou revisable en función da idade da persoa:

| | |
|-----------------------|--|
| De 0 a 3 anos | Non permanente (aplicación da Escala de Valoración Específica - EVE) |
| De 3 a 18 anos | Revisións de oficio |
| Demais casos | Establecerase un prazo máximo no que se efectuará a primeira revisión do grao resolto cando sexa necesario |

PERO... QUE É O BVD?

Baremo que permite determinar as diferentes situacións de dependencia, clasificadas como:

GRAO I. DEPENDENCIA MODERADA: cando a persoa precisa axuda para realizar varias ABVD, polo menos unha vez ao día ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

GRAO II. DEPENDENCIA SEVERA: cando a persoa precisa axuda para realizar varias ABVD dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dunha persoa que a coide ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

GRAO III. GRAN DEPENDENCIA: cando a persoa precisa axuda para realizar varias ABVD varias veces ao longo do día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa de apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeral para a súa autonomía persoal.

A puntuación no BVD de cada grao de dependencia sería o seguinte:

| | |
|-------------------------------|-----------------|
| Grao I – dependencia moderada | 25 – 49 puntos |
| Grao II – dependencia severa | 50 – 74 puntos |
| Grao III – gran dependencia | 75 – 100 puntos |

Con todo, debido a que hai persoas que foron valoradas con anterioridade ao BVD (2011), hai que ter en conta que:

- As persoas que teñan recoñecido o complemento de Gran Invalidez, se lles recoñecerá a situación de dependencia co grao que se determine mediante a aplicación do BVD, garantindo en todo caso o grao I, nivel 1 (baremo anterior, actualmente os niveis non existen).
- Ás persoas que teñan recoñecido o complemento de necesidade de concurso doutra persoa (segundo o baremo regulado no Real Decreto 1971/1999), recoñeceráselles o grao que corresponda, en función da puntuación específica outorgada polo citado baremo, que sería:

| | |
|----------------|----------------------|
| 15 – 29 puntos | Dependencia moderada |
| 30 – 44 puntos | Dependencia severa |
| 45 – 72 puntos | Gran dependencia |

- En todos os casos, salvo nos supostos no que o grao que resulte de aplicación de dita táboa sexa o máximo recoñecible, aplicarase o BVD e se recoñecerá o máis favorable entre este e o que corresponda coa táboa anterior.
- As persoas que teñan recoñecida a necesidade de asistencia de terceira persoa segundo o baremo anterior, continuarán gozando de todos os efectos xurídicos de dito recoñecemento, cando o acrediten ante as entidades públicas ou privadas.

E A ESCALA DE VALORACIÓN ESPECÍFICA?

Instrumento de valoración da dependencia en menores de tres anos. Graos de dependencia:

| | |
|-------------------------------|-----------------|
| Grao I – dependencia moderada | 1 punto na EVE |
| Grao II – dependencia severa | 2 puntos na EVE |
| Grao III – gran dependencia | 3 puntos na EVE |

TEÑO RECOÑECIDA UNHA SITUACIÓN DE DEPENDENCIA,

PROGRAMA INDIVIDUAL DE ATENCIÓN, QUE É?

O **PIA** (Programa Individual de Atención) determina, de entre os servizos e prestacións económicas previstas na resolución para o seu grao, aquelas que son máis adecuadas de cara ás necesidades da persoa.

CALES SON OS MEUS BENEFICIOS?

Poderase acceder ao **catálogo de prestacións de atención á dependencia**. Estas prestacións están divididas en servizos (carácter prioritario) e prestacións económicas.

SERVICIOS

- Servizo de prevención das situacións de dependencia (prioridade para persoas con grao I).
- Servizo de promoción da autonomía persoal.
- Teleasistencia.
- Servizo de axuda no fogar.
- Servizo de atención diúrna e nocturna.
- Servizo de atención residencial (agás para persoas en situación de dependencia grao I).

PRESTACIÓNS ECONÓMICAS

- Libranza vinculada ao servizo: facilita, mediante unha achega económica, a adquisición dun servizo privado cando non sexa posible ser prestado por oferta pública.
- Libranza para coidados no entorno familiar: contía económica periódica de carácter excepcional, cuxa finalidade é proporcionar á persoa beneficiaria recursos económicos para contribuír á cobertura dos gastos derivados da atención prestada pola persoa coidadora non profesional co obxecto de posibilitar a permanencia da persoa beneficiaria no seu domicilio habitual.
- Libranza de asistencia persoal: accesible a todas as persoas en situación de dependencia. O seu fin é contribuír á contratación dun/dunha asistente/a persoal, que facilite á persoa beneficiaria o acceso á educación e ao traballo, así como a unha vida máis autónoma no exercicio das ABVD.

Para acceder aos servizos mencionados anteriormente, creouse o **PROGRAMA DE ASIGNACIÓN DE RECURSOS (PAR)**, instrumento a través do cal se establece unha orde de preferencia. Os criterios que ten en conta para o acceso a estes servizos son:

- Maior grao de dependencia.
- A menor capacidade económica.
- A situación socio familiar da persoa en situación de dependencia.
- A non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia.
- A data de presentación da solicitude da valoración da dependencia.
- A idade da persoa en situación de dependencia.

FINANCIAMENTO.

DEBO CONTRIBUÍR AO GASTO DA MIÑA PRESTACIÓN?

As persoas beneficiarias das prestacións participarán na súa financiación segundo o tipo e o coste do servizo e a súa capacidade económica persoal.

NINGUNHA PERSOA DEIXARÁ DE PERCIBIR ATENCIÓN POLA FALTA DE RECURSOS.

DEBO REVISAR O MEU GRAO DE DEPENDENCIA? E O PIA?

REVISIÓN DO GRAO DE DEPENDENCIA

- Por instancia da persoa interesada ou da persoa que lle represente.
- De oficio polo órgano do departamento territorial da consellería con competencias en materia de servizos sociais en caso de:
 - ⇒ Melloría ou empeoramento da situación de dependencia.
 - ⇒ Erro no diagnóstico ou na aplicación do correspondente baremo.

REVISIÓN DO PIA

- De oficio polo órgano do departamento territorial da consellería con competencia en materia servizos sociais:
 - ⇒ Cando se produza unha revisión de grao de dependencia recoñecido.
 - ⇒ Polo traslado de residencia á Comunidade Autónoma de Galicia.
 - ⇒ Cando existan circunstancias que aconsellen a súa revisión.
 - ⇒ A proposta da traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios do domicilio da persoa beneficiaria, ou, se é o caso, do sistema de saúde ou dos servizos sociais especializados.
- Por instancia da persoa interesada ou da persoa que lle represente, sempre que se acredite unha variación nas condicións de saúde ou na situación da súa contorna que puidesen motivar unha modificación do servizo ou prestación económica recoñecida.

En calquera caso, revisarase o PIA coa periodicidade que determine o órgano superior con competencias en materia de dependencia e conforme aos plans anuais de actuación.

EMERXENCIA SOCIAL

Supostos de Emerxencia Social



Situación de desamparo ou abandono



Malos tratos físicos e/ou psíquicos



Situación de risco grave inminente para a súa integridade física e/ou psíquica

Entrada da solicitude



Ditame por parte do Órgano



A Xefatura Territorial emite tramitación de emerxencia

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- Solicitude de recoñecemento da situación de dependencia.
- Informe de saúde e informe social emitido pola traballadora social e demais documentación necesaria.

DECLARACIÓN DA TRAMITACIÓN POLA VÍA DE EMERXENCIA

Unha vez declarada la tramitación de emerxencia asignarase un recurso no prazo máximo de 48 horas e unha vez proporcionado o recurso adecuado (preferentemente o servicio de atención residencial ou Servizo de Axuda no Fogar), continuarase coa tramitación.

Establécense os seguintes prazos:

- Resolución do grao: 20 días hábiles dende a entrada da solicitude no rexistro.
- Resolución do PIA: 10 días hábiles dende a data da resolución do grao de dependencia.

TRASLADO A OUTRA COMUNIDADE AUTÓNOMA

No caso de que unha persoa que teña recoñecida o grao de dependencia e se traslade o seu domicilio habitual a outra Comunidade Autónoma (debe superar os dous meses para que así sexa) debe seguir os seguintes pasos:

- O beneficiario/a está na **obriga** de comunicar este traslado á Xefatura Territorial en materia de servizos sociais da CCAA de orixe con un prazo de antelación de 30 días naturais, que informará ó ÍMSERSO e este á CCAA de destino.
- A persoa beneficiaria debe empadroarse nun prazo máximo de 10 días na CCAA de destino e pedir cita con Servizos Sociais Comunitarios e este reclamalo seu expediente.
- A Administración de destino debe revisalo PIA nun prazo máximo de tres meses, a contar dende a data na que teña coñecemento, durante este período a Administración de orixe manterá o abono das prestacións económicas e suspenderá o dereito a unha prestación cando se trate dun servizo, substituíndoas por unha prestación vinculada a un servizo.

Traslado de expediente Dependencia a outra CCAA



Comunicar o traslado de expediente por cambio de domicilio na CCAA de orixe



CCAA de orixe comunica ó ÍMSERSO



ÍMSERSO comunica á CCAA de destino



Empadroarse na CCAA de destino nun prazo máx de 10 días



Pedir cita con Servizos Sociais para reclamalo expediente

RECORDA

Presentala solicitude debidamente cumprimentada e firmada, cos documentos requiridos, así evitarás retrasos incensarios.

Poñer un teléfono que se utilice habitualmente pola persoa e/ou representante, xa que se realizará chamamento para acordar a visita dos Técnicos de Valoración , falar ca Administración...

Cada persoa en situación de Dependencia ten unhas necesidades e situacións diferentes e é por iso que esta Lei engloba unha carteira de servizos cos seus correspondentes recursos e servizos, intentando con esta amplitude poder recoller a todo tipo de persoas e necesidades.

Esto vai dar lugar ó PIA (Programa Individual de Atención) que se solicita e propón na primeira solicitude; este non ten porqué ser definitivo (o mesmo que o grao que pode variar pola melloría ou agravamento da persoa), por ese motivo si a circunstancia cambia pódese pedir un cambio de PIA que vaia encamiñado á mellora no benestar da persoa.

RECORDA

PALABRAS CLAVE DEPENDENCIA



Recorda que Discapacidade e Dependencia non son o mesmo, ter recoñecido un Grao de Discapacidade non leva implícito ter recoñecido un Grao de Dependencia, son valoracións, baremos e Equipos de Valoración diferentes.

Nota informativa: Esta Guía ten carácter informativo, sen que o seu contido teña valor xurídico vinculante, podendo ser modificado en función da legisla-

ENTIDADES FEDERADAS



APA CASTRO NAVAS
Calle Navás (Piegue) nº11
36391 Nigrón (PONTEVEDRA)
986 365 558
castronavas@menela.org
<http://apacastronavas.zoombloga.com/>



APA CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL MENELA
Camiño da Veiguiña nº 17 (Alcabre)
36212 Vigo (PONTEVEDRA)
986 240 703
ceemenela@menela.gal
<https://menela.gal/index.php/2015-06-13-07-25-18/centro-educativo-menela>



APA MECOS "Os Mecos"
Rúa Almirante Fontán, Vilaaxón Nº 11
36011 Vilagarcía de Arousa (PONTEVEDRA)
986 909 982
apamecos@hotmail.com
<https://autismomecos.com/>



APACAF
Calle Placer nº 5, 3ºB
36202 Vigo (PONTEVEDRA)
986 587 475
info@apacaf.org
<http://www.apacaf.org>



ASPANAES
Calle Camino de la Iglesia 40 b
15009 A CORUÑA (A CORUÑA)
981 130 044
administracion@aspanaes.org
<https://www.aspanaes.org/>



ASPERGA
Calle Avenida de Cza Nº 240, 1º
15006 A Coruña (A CORUÑA)
881 917 318 - 633 283 104
asperga@asperga.org
<https://www.asperga.org/>



ASTEAVI
Calle Coruña 44 bajo
36206 Vigo (PONTEVEDRA)
986414346
teavi.teavi@gmail.com
<http://asteavi.asociacion.blogspot.com>



AUTISMO VIGO
Calle Avenida Carmelitas 108 - oficina 2
36211 Vigo (PONTEVEDRA)
986 437 263
autismovigo@gmail.com
<http://autismovigo.org/>



CAPACES LUGO
Calle Rúa Monte Faro nº 2 Baixo, local 1, Casa
Poeta María Mariño
27003 Lugo (LUGO)
619 170 890
capaceslugo@gmail.com
<https://capaceslugo.blogspot.com/>



FAMILIAS AZUIS
Calle Oriente nº 8
36806 Ponteareas (PONTEVEDRA)
996 72 33 08
familiasazuis@gmail.com
<https://es-es.facebook.com/familiasazuis/>



FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA
Calle Av. Rodríguez de Vigir 35 baixo
15703 Santiago de Compostela (A CORUÑA)
981 589 365
info@autismogalicia.org
www.autismogalicia.org



FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA
Calle Camino de la Iglesia 40 baixo
15009 A Coruña (A CORUÑA)
981130553
info@autismocoruña.org
<http://www.autismocoruña.org/>



FUNDACIÓN MENELA
Calle Marqués de Alcega 19
36203 Vigo (PONTEVEDRA)
986 423 433
fundacion@menela.gal
<http://menela.gal/>



FUNDACIÓN TUTELAR CAMINO DO MIÑO
Calle Xoanelo 2
36202 Vigo (PONTEVEDRA)
986 222 023
fundacion_tutelar@camino.org
[/fundacion@menela.org](http://fundacion@menela.org)
<https://menela.gal/index.php/trede-menela-inicio/fundacion-tutelar-camino-do-mino>



POR ELES TEA
Calle Rúa Ramón y Cajal nº 6 baixo
Ourense (OURENSE)
988 701 658
info@porelestea.org
<https://www.porelestea.es/>



TRASCOS
Calle Rúa Santo Domingo 35, entresuelo 1
32003 Ourense (OURENSE)
988 049 632 / 655 902 026
asociaciontrascos@gmail.com
<https://asociacion-trascos.webnode.es/>



UN MAIS
Calle Rúa Antero Rubín 17-4º esq
36700 Tui (PONTEVEDRA)
670 984 046
asociacion.unmais@gmail.com
<http://unmais.es/>

SEDE SOCIAL

Rúa Home Santo de Bonaval,74

CENTRO DE RECURSOS

Rúa Rodríguez de Viguri, 35
15703 Santiago de Compostela

T. 981 589 365

info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

[@AutismoGalia](https://twitter.com/AutismoGalia)



[@federacion.autismo.galicia](https://www.facebook.com/federacion.autismo.galicia)

